

**07/
2024**

URBAN camp



ASPERGA

SANTIAGO DE COMPOSTELA



FICHA TÉCNICA

TÍTULO

ASPERGA URBANcamp

EQUIPO TÉCNICO

Profesionais sanitarios, sociosanitarias, do ámbito social e educativo (psicoloxía, terapia ocupacional, logopedia, pedagogía e voluntariado)

DESTINATARIOS/AS

Nenos/as de 8 a 13 anos

OBXECTIVO XERAL

Fomentar a participación na comunidade a través da contorna real para o continuo desenvolvemento das habilidades persoais dos nenos e das nenas con TEA.

METODOLOXÍA

Intervención holística e integral centrada nas persoas e as súas necesidades, cun enfoque activo, participativo, dinámico, integrador, flexible, lúdico e tolerante.

RECURSOS

Humáns (profesionais e voluntariado).
Materiais (xogos, material funxible e deportivo).
Gastos de desprazamento
Gastos de actividades

AVALIACIÓN

Avaliación do proceso e resultados.





XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

URBANcamp é un proxecto **atractivo**, creado como un **espazo terapéutico** dentro da contorna real da Coruña con actividades lúdicas que favorezan todas as habilidades adquiridas desde as terapias individuais establecidas durante o curso escolar.

O distintivo do **URBANcamp** é que está deseñado e executado por profesionais sanitarios, sociosanitarios e do ámbito educativo, social e deportivo, conformando así un equipo completo de profesionais para continuar co proceso terapéutico mediante este proxecto.

Este proxecto, é un espazo de aprendizaxe máis aló das barreiras dunha sala de terapia e que fomenta a apertura cara a unha intervención dentro da comunidade para a promoción da saúde e o benestar dentro da contorna real.

O campamento é un momento importante para continuar co desenvolvemento dos nenos e as nenas que acoden ao servizo á infancia de ASPERGA e é outra forma máis de conciliar a vida laboral e persoal das familias e a sobrecarga diaria. Polo que, co campamento facilítase o labor terapéutica e a atención ás persoas cuidadoras, as familias.

“As nenas e os nenos aprenden a través das experiencias reais dentro do mundo cotián, se non lles ofrecemos esas experiencias, afastámoslos da sociedade e da verdadeira inclusión”





PRESENTACIÓN DO PROXECTO

ASPERGA, Asociación Galega de ASPERGER, nace no ano 2006 coma unha rede de familias e persoas con Asperger (TEA grao I), co obxectivo de loitar por un futuro de verdadeira inclusión.

As persoas con TEA grao I presentan desafíos no día a día dentro das áreas de comunicación, interacción social e comportamentos repetitivos, o que desencadea retos na realización autónoma das actividades da vida diaria.

Desde a Asociación ASPERGA, e enmarcado dentro do servizo de atención á infancia, búscase ofrecer as mellores intervencións para as persoas usuarias que acoden á asociación, con actividades encamiñadas a fomentar a participación e a autonomía persoal dos nenos e das nenas.

Tendo en conta a premisa de inclusión, nace o **URBANcamp**, un espazo que favorece as necesidades de participación na comunidade de forma activa e fomenta as habilidades adquiridas durante o curso escolar dentro da contorna real.





OBXECTIVOS

Obxectivo xeral

Fomentar a participación na comunidade a través da contorna real para o continuo desenvolvemento das habilidades persoais, sociais e de aprendizaxe.

Obxectivos específicos

- Estimular as habilidades de comunicación e a linguaxe dentro da contorna real e no grupo de iguais.
- Fomentar as interaccións sociais dentro da comunidade e cos seus iguais.
- Favorecer as destrezas motoras e sensoriais con actividades lúdicas arroupadas dentro dun contexto real.
- Fomentar a autonomía nas actividades comunitarias (seguridade vial, mobilidade e orientación na comunidade, manexo de diñeiro...)
- Xestionar e desenvolver aspectos emocionais dentro dos contextos sociais.
- Favorecer a aprendizaxe escolar a través de actividades lúdicas e diarias, mediante actividades lóxico-matemáticas, creativas...
- Fomentar o xogo e o desenvolvemento do mesmo na comunidade.
- Impulsar novas experiencias de lecer e tempo libre dentro na comunidade.
- Fomentar o autoconcepto, autoconocimiento e desenvolvemento das habilidades persoais.
- Concienciar do uso responsable dos recursos naturais e a reciclaxe.
- Favorecer unha contorna segura e a pertenza a un grupo.





METODOLOXÍA

FECHA DESENVOLVEMENTO

do 8 de xullo ao 12 de xullo

GRUPO DE EDAD

De 8-13 anos

PARTICIPANTES

Grupo máximo de 10 participantes por semana

HORARIO

9.00-14.00

LOCALIZACIÓN

Santiago de Compostela e contorna



José Ángel Valente, 9 - baixo
15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 881 165 157